



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ REXISTRO XERAL
ENTRADA n.º
SAIDA n.º 21.
DATA: 09/02/2021.



XUNTA
DE GALICIA



CIRCULAR Nº 02/2021 BIS: Seguro Deportivo programa XOGADE 2021

Esta circular sustitúe desde hoxe á Circular 02/2021: Seguro Deportivo programa XOGADE 2021.

O período de cobertura do seguro deportivo do programa XOGADE é de toda a tempada.

Enténdese por accidente deportivo a lesión corporal que deriva dunha causa violenta, súbita, externa, e axena á intencionalidade do asegurado, sobrevenida por un feito ou ocasión do exercicio da actividade deportiva pola que o asegurado atópase afiliado e que produza invalidez temporal, permanente ou morte, sen patoloxía nin alteración anatómica previa.

PÓLIZA NÚMERO 6201500334 – AIG Europe / España S.A.

COBERTURA:

A póliza cubrirá os accidentes que se produzan nas seguintes situacións:

- Durante a celebración de competicións deportivas dentro do calendario oficial da FEGAXA ou da FEDA realizados en circuito, estadio, pistas, instalación deportiva, terreno ou medio físico necesario e adecuado debidamente definido e autorizado polas correspondentes autoridades.
- Durante os adestramentos ou etapas de preparación deportiva, sempre que se realicen nas condicións de lugar que se expresan no parágrafo anterior e en presenza e baixo a dirección de adestradores, preparadores ou personal técnico cualificado.

Quedan excluídas as competicións organizadas por outras entidades ou administracións se non forman parte do calendario oficial da Federación correspondente.

ASEGURADOS:

Compón o colectivo a asegurar a totalidade dos deportistas participantes na actividade federada realizada polos deportistas federados nados entre o 01 de xaneiro de 2005 e o 31 de decembro de 2014 ambos incluídos.

PASOS A SEGUIR POLAS ENTIDADES:

Os pasos a seguir polas entidades para comprobar que todo funciona correctamente son:

- 1.1 Solicitar a clave de acceso na páxina web de XOGADE (segundo as instrucións adxuntas).
- 1.2 Comprobar que todos os deportistas da súa entidade figuran correctamente inscritos na páxina web de XOGADE. A FEGAXA non se fai responsable se os datos d@ xogador/a (nome, apelidos, data de nacemento) están mal rexistrados polo delegado no programa XEFEGA.



1.3 Unha vez descargados e impresos os carnés xa se pode comprobar que ao lado do nome de cada deportista aparece o botón "parte de accidente", o cal xa poderá ser cuberto en caso necesario.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS ANTE UN ACCIDENTE DEPORTIVO:

1. **EN CASO DE URXENCIA VITAL** acudir ao Servizo de emerxencias máis próximo e comunicar o accidente antes de 24 horas.
2. **EN CASO DE NON URXENCIA VITAL:**

Cubrirase a comunicación de accidente ANTES de acudir ao centro sanitario que indique a aseguradora. En ningún caso estarán cubertos os incidentes non notificados. Para a certificación posterior teñen 7 días desde o accidente.

Para a comunicación e apertura do expediente existen dúas vías:

- Por teléfono no número exclusivo de Asistencia para XOGADE no número **91 737 28 18**.
- Ou na plataforma www.depor-xogade.com (ver guía).

Unha vez aberto o expediente recibirán comunicación por SMS / correo electrónico informando do número de expediente e do código de acceso á plataforma para o seguimento do mesmo. O noso Servizo médico contactará á maior brevidade por teléfono para derivalos a un centro médico.

A empresa que se porá en contacto con vostedes será:

Canal Salud 24 S.L

Tif. De asistencia: **91 373 28 18**

Email: gestionxogade@canalsalud24.com

Despois da primeira asistencia deberán:

- 1) Certificar o accidente antes de 7 días na plataforma de Xogade. Este paso terá que realizalo a entidade que inscribiu a persoa lesionada.
- 2) **Os proxenitores ou títos legais deberán acceder ao enlace que recibirán por SMS e autorizar a xestión dos datos do menor por parte da aseguradora.**
- 3) Enviaranse todos os informes médicos incluído o da alta a través do correo electrónico gestionxogade@canalsalud24.com ou da plataforma www.depor-xogade.com.

Autorizacións para Actos e Tratamentos médicos:

Calquera acto ou tratamento médico de rehabilitación necesitará da autorización previa da aseguradora, salvo a primeira asistencia de urxencia vital, e realizaranse nos centros concertados máis próximos ao lugar do accidente ou de residencia do asegurado e en función das lesións sufridas.

Todas as comunicacións e autorizacións para a atención nos centros concertados se realizarán no seguinte enderezo e número de teléfono.

Tif. De asistencia: **91 373 28 18**

Email: gestionxogade@canalsalud24.com

LEMBRAMOS QUE NON PODERÁ PRACTICAR NINGUNHA ACTIVIDADE DEPORTIVA ATA RECIBIR A ALTA MÉDICA OU INFORME MEDICO QUE AUTORICE A RETOMAR A ACTIVIDADE FISICA

Para asistencia sanitaria **NO ESTRANXEIRO** ([Ver protocolo de actuación](#)).

En casos de asistencia odonto-estomatolóxica:

Despois de comunicar o accidente e facer chegar o impreso de protección de datos e recibir autorización por parte da aseguradora, acudan ao servizo indicado e envíen o informe do facultativo da aseguradora, a factura e o número de conta a gestionxogade@canalsalud24.com

COBERTURAS: Están cuberto un importe máximo de 250€ por sinistro ou o 50% da facturación se esta supera os 600 €.

Instrucións en caso de adquisición de material ortopédico:

Despois de comunicar o accidente e facer chegar o impreso de protección de datos e recibir autorización por parte da aseguradora, deberán enviar a prescrición facultativa e solicitar autorización á Aseguradora, antes de comprar o material enviando un correo a gestionxogade@canalsalud24.com.

A posteriori enviarán a factura pagada e o número de conta no que queren o ingreso ao enderezo anterior. Está cuberto o 70% do custo.

En caso de dúbida co funcionamento do novo sistema pode poñerse en contacto co Servizo Provincial de Deportes correspondente nos seguintes números de teléfono:

- **Federación Galega Xadrez:** 986 237 945
E-mail: fegaxa@fegaxa.org
Paxina Web: www.fegaxa.org
- **Servizo Provincial de A Coruña:** 881 960 767 / deportes.coruna@xunta.gal
- **Servizo Provincial de Lugo:** 982 294 560 – 982 294 567 – 982 294 568
deportes.lugo@xunta.gal
- **Servizo Provincial de Ourense:** 988 386 047 / deportes.ourense@xunta.gal
- **Servizo Provincial de Pontevedra:** 986 805 289 – 886 206 527
deportes.pontevedra@xunta.gal
- **Servizo de Deportes de Vigo:** 886 218 285 / deportes.vigo@xunta.gal
- **Secretaría Xeral para o Deporte** (Subdirección Xeral de Plans e Programas):
881 996 363 / deportes.escolar@xunta.gal

Toda a información referente aos seguros deportivos (pólizas, centros concertados, etc.) está publicada no apartado **FEDERACIÓN** da nosa páxina web (<http://www.fegaxa.org/gl/federacion/>).

Vigo, 09 de Febreiro de 2021.



Asdo. Raquel Calleja Modia
Secretaría Xeral da FEGAXA